

Unidade 7. Poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Subliña o suxeito nas seguintes oracións.

- O regalo de teu pai era moi bonito.
- Moitos países do mar Mediterráneo son agrícolas.
- Os meus mellores amigos viven en Alemaña.
- No océano Atlántico practícase a pesca do bacallau.
- Agora moitas persoas novas emigran.
- Lois comprou un piso preto da praia.
- Roi e mais eu iremos de excursión mañá.
- Os nenos comen na escola.

2. Escribe o núcleo do suxeito e os complementos das oracións anteriores.

3. Rodea os suxeitos das seguintes oracións e di de que clase son.

- Pedro e Xosé pediron unha bolsa para ir estudar ao estranxeiro.

- Entendemos moi ben o que che pasou.

- Mandoume unha carta o mércores pasado.

- O mestre de Sabela quería falar co seu pai.

- O outro día fun ver a nova película de Almodóvar.

- Elisa encontrouse mal o luns pola tardiña.

- Fostes o domingo a Ourense?

- As vacas do teu tío estragaron todo o valado.

Unidade 7. Poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

4. Escribe a diérese nas palabras que o precisen.

sanguento	arguíamos	linguista	lingueta
pingue	caíades	piragua	moíamos
bilingue	aguia	aguillón	antiguidade

5. Conxuga o pretérito imperfecto ou copretérito de indicativo dos verbos seguintes. Coloca a diérese onde corresponda.

	Argüir	Caer	Moer
Eu			
Ti			
El/ela			
Nós			
Vós			
Eles/elas			

6. Escribe o ditado.

Unidade 7. Poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

7. Le o seguintes texto.

A LINGUA E OS DENTES

Había unha vez un rapaz que falaba tanto que todos dicían: «Ese fala máis da conta».

—Que lingua! —suspiraron os dentes un día. —Non para nunca.

—Que estades murmurando? Xa debiades saber, dentes, que a vosa única obriga é mastigar o que como. Entre nós non hai nada que teñamos en común. Queredes ocuparvos das vosas cousas?!

E o rapaz seguía a falar e a falar de cousas que non viñan a conto.

A lingua estaba feliz, pois así encontraba palabras novas.

Ata que un día o rapaz, despois de dicir unha parvada, permitiu á lingua dicir unha gran mentira, e os dentes, ben mandados á voz da xustiza, disparáronse a un tempo e mordérona.

A lingua volvese vermella de sangue o rapaz morría de vergoña. Así a lingua tornouse temerosa e prudente.



Leonardo DA VINCI

8. Contesta as seguintes preguntas.

- Quen son os protagonistas?

- Que ensinanza sacas desta fábula?
